



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE MARZO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de marzo de dous mil trece; as once e vinte da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL .-**

Detectado erro no prego de cláusulas administrativas particulares relativo a “CONTRATO DE SERVICIOS DE PRESTACIÓN DE LOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS Y DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACION DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA”, aprobado co expediente de contratación de data 18 de febreiro de 2013 e co obxecto de clarexar as dúbidas surxidas sobre o establecido na cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares, en concreto o que debe percibir o adxudicatario polo cobrado na vía de apremio, haberá de entenderse que o adxudicatario do contrato que preste a colaboración e asistencia técnica o que o mesmo refírese, percibirá polo recadado en vía de apremio o porcentaxe ofertado sobre o montante global que se recade en vía de apremio (recargo e intereses de demora), exceptuado o importe do principal, polo que A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes acorda que a mesma quede redactada, na parte relativa a retribución do adxudicatario do seguinte xeito:

O adxudicatario do contrato que preste a colaboración e asistencia técnica a que a mesmo refírese, percibirá por eslabón, a cantidade que resulte de aplicar o:

a) 3,5 por cento, I.V.E. non incluído, do montante global que o Servizo recade en vía voluntaria. Establecerase como porcentaxe máximo o 3,5%.

b) 70 por cento, I.V.E. non incluído, do montante global que se recade en vía de apremio (recargo e intereses de demora), exceptuado o importe do principal, de acordo co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro (Lei Xeral Tributaria. Establecerase como porcentaxe máximo o 70%.

Asimesmo para evitar posibles perxucios aos licitadores na presentación da documentación dada a premura coa que foi detectado o erro, A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

seus asistentes acorda ampliar o prazo de presentación de ofertas a cinco días mais, rematando este en data de 20 de marzo de 2013.

E sendo asonce e media , o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

